

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DATA 25 DE ABRIL DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:15 horas do día 25 de abril de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de abril (orde do día ampliado o 25 de abril), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 3a e 11a)
D. Ruben Peña Barceló (asiste ao punto 11b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 20 de abril de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo adoptado na sesión do 20 de abril de 2017, na mesma data se concedeu ao licitador UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTINEZ ANTONIO, S.L.N.E.U. un prazo de tres días hábiles para poder emendar a documentación persoal.

Presentada a documentación con data do 21 de abril de 2017, a Mesa procede á súa cualificación e acorda, por unanimidade, admitir á UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTINEZ ANTONIO, S.L.N.E.U. no procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4.180-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4.180-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, da empresa CONSERNOR, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 22 de marzo de 2017:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
2. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
3. NEMESIO ORDOÑEZ S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	96,21
2	EXTRACO, S.A.	95,67
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,29
4	HIDROMIÑO, S.L.	94,96
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,90
6	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	94,60
7	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,58
8	C. D. INDEPO, S.L.	94,16
9	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,70
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	93,53
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	93,26
12	NAROM, S.L.	92,81
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,48
14	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,47
15	HORDESCON, S.L.	90,86
16	ORECO, S.A.	90,30
17	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,15
18	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	90,03
19	UTE ACEVI S.L. - ALVAC, S.A.	89,74
20	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	89,71
21	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	88,58
22	UTE COPCISA, S.A. - ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	87,91
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	86,57
24	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. - REYCONS, S.L.	85,60
25	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	70,35
26	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	56,55

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.036,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o día 6 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 24 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 27 de febreiro e 23 de marzo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Adxudicar a MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4.180-440) por un prezo total de 538.424,59 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 93.445,59 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” a SENES CIT, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificando no prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.	95,50
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	84,25
3	PABLO CASAL NUÑEZ.	34,76

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a *aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 943,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 25 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 17 de febreiro e 31 de marzo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 38.284,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.644,40 euros e por un prezo unitario hora de prestación do servizo de 32,42 euros (5,62 euros de IVE).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que na data 6 de abril de 2017 se requiriu ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD S.L., que presentase a documentación esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP. O referido licitador presentou un escrito o 24 de abril de 2017, dentro do prazo concedido, achegando determinada documentación.

Logo do seu exame pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD S.L. para que emende a documentación presentada, achegando o seguinte:

1. Documentación acreditativa da habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (cláusula 8.4.5º):

“As empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio de Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio e cuxo ámbito de actuación quedará limitado ao seu territorio (artigos 11 e 27 da Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada).

Con dita inscrición acréditase que a entidade licitadora figura inscrita como empresa de seguridade privada e conta coas pertinentes autorizacións ou, no seu caso, ter presentadas as declaracións responsables ou obtidas as preceptivas habilitacións ou acreditacións”.

2. Acreditación da solvencia técnica e profesional segundo o previsto na cláusula 8.4.3º do PCAP. Dado que neste procedemento non resulta esixible a clasificación nin se fixa como medio alternativo para acreditar a solvencia, esta deberá



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acreditarse a través de:

- *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario”.*

3. Recibo de pagamento da póliza esixida no apartado 14A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:52	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA145-EF2B2D-51498E-XG96VK-WNWH6D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		